



EXpte. nº 4783/2022 (3/2022): “ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA EN PORTONOVÓ”.

INFORME TÉCNICO

Visto o expediente de referencia, procédere á emisión do informe de valoración das propostas admitidas quedando como segue:

Os criterios de valoración empregados para a realización do presente informe, axústanse ao establecido na base 7^a, apartado B, do prego de bases do Concurso convocado para o outorgamento da autorización administrativa necesaria para a **“Organización, Xestión e Explotación da Feira de Artesanía da vila de Portonovo”** durante a tempada de verán de 2022.

(Base 7^a apartado B do Concurso):

CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN:

MEMORIA ORGANIZATIVA E DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER NO MARCO DA/S AUTORIZACIÓN/S A OUTORGAR. CRITERIO VALORADO CUN MÁXIMO DE 50 PUNTOS.

En concreto, teranse en conta os seguintes extremos:

- Descripción da actividade a desenvolver identificando os obxectivos que se pretenden acadar e a metodoloxía de traballo. **Criterio valorado cun máximo de 30 puntos.**
- Descripción da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar para a Feira e das súas características estéticas, dimensionais e estruturais. **Criterio valorado cun máximo de 10 puntos.**
- Incorporación dun plan de mantemento e vixilancia da vía pública de Feira, tendo en conta as posibles situacions de carácter extraordinario. Valorarase positivamente a descripción dos medios persoais e materiais postos a disposición da Feira para o seu mantemento e vixilancia, e en concreto, número de efectivos, distribución e horarios. **Criterio valorado cun máximo de 5 puntos.**

A proposta que acadou maior puntuación na valoración de carácter técnico que establece a base 7^a apartado b) do Prego foi a presentada pola **ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANS**, de acordo co seguinte:





➤ **OFERTA nº 1: ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESANS.**

O licitador aporta a seguinte documentación:

• Descripción da actividade:

O licitador aporta unha breve memoria descriptiva da actividade a desenvolver indicando como obxectivo a celebración da Feira con criterios de calidade na participación e representación xeral, partindo da consideración do valor engadido da artesanía, dos produtos artesáns e dos oficios, non só como feito cultural, senón como activadores de sinerxías para o resto dos sectores económicos vinculados ao comercio e ao turismo.

Propón o desenvolvemento en paralelo de actuacións de demostración de oficios ou abertas á participación do público; así como un punto de atención no que se facilite información xeral sobre as diversas actividades lúdicas que se desenvolvan.

Puntuación: 10 puntos.

• Descripción da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar:

O licitador aporta unha descripción das casetas a instalar, sendo basicamente as seguintes:

- Dimensións 3,00 x 2,00 metros.
- Cerramento a base de melamina en cor branco e perfís de aluminio anodizado.
- Cuberta de chapa trapezoidal galvanizada con beiril na parte dianteira.
- Teito reticulado e cruzado de 1x1 metros con placas de PVC branco.
- Mecanismo de peche frontal mediante persiana eléctrica de PVC.
- Estrutura autoportante.
- Tarima modular cuberta con moqueta gris.
- Rotulo de vinilo co nome comercial do expositor.
- Instalación de cadre eléctrico (500 W).
- Iluminación con proxectores LED.
- Instalación de sistema de megafonía.
- Aporta fotografía da caseta tipo.

Complementariamente, indica o licitador que poden instalarse jaimas de 5x5 metros que darían cobertura engadida para a protección contra posibles inclemencias climatolóxicas. Aporta ficha técnica da jaima.

Puntuación: 6 puntos.

• Plan de mantemento e vixilancia da vía pública da Feira:

Para o plan de mantemento e vixilancia, o licitador propón a contratación dunha empresa de seguridade para a vixilancia na vía pública que cubriría os períodos de tempo nos que a Feira está pechada ao público.





A vixilancia tamén cubriría o tempo que transcorre fora dos horarios de montaxe da Feira. Propón un vixiante de seguridade por quenda.

Indica o licitador que a Feira contará con persoal encargado do mantemento xeral para atender ás posibles incidencias que poidan xurdir durante a celebración en relación á montaxe xeral das casetas, durante o horario de apertura da Feira ou fóra do horario, en quendas complementarias.

Puntuación: 3 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL: 19,00 PUNTOS

➤ **OFERTA nº 2: ASOCIACIÓN PERSONAS CON DISCAPACIDAD FÍSICA.**

O licitador aporta a seguinte documentación:

- Descripción da actividade:

O licitador non aporta unha descripción da actividade propiamente dita tal e como se solicita, remítindose aos apartados de descripción dos materiais das casetas, do mecanismo de selección e organización dos artesáns e o plan de mantemento e vixilancia; apartados que son obxecto de valoración específica.

Puntuación: 0 puntos.

- Descripción da tipoloxía e dos materiais das casetas a instalar:

O licitador aporta unha descripción das casetas a instalar, sendo basicamente as seguintes:

- Dimensións 3,16 x 2,50 metros (apertura a unha rúa) ou 3,16 x 2,50 metros (apertura a dúas rúas), segundo o caso.
- Pérgola de 95 x 2,51 metros para a protección contra posibles inclemencias climatolóxicas.
- Estrutura compacta e ríxida, autoportante, modular en aluminio lacado e paneis compactos estratificados ignífugos con revestimento melamínico.
- Tarima modular de aluminio lacado e baldosas de aglomerado hidrófugo de alta densidade.
- Apertura persiana eléctrica.
- Cuberta tipo jaima realizada en estrutura de aluminio.
- Cornixa modular decorativa en PVC.
- Avance en forma de toldo de protección.
- Iluminación LED.
- Cadro eléctrico.





- Aporta fotografías e plano de planta acotado coa distribución das casetas.

Puntuación: 8 puntos.

- Plan de mantemento e vixilancia da vía pública da Feira:

Para o plan de mantemento o licitador manifesta que aportará papeleiras e material de recollida, poñendo unha persoa responsable do mantemento e limpeza en toda a zona.

En canto á vixilancia, o licitador manifesta que adoitan contratar dúas persoas de día e dúas de noite con algunha empresa da zona que teña seguridade e vixilancia as 24 horas; con instalación de cámaras nalgúnsas ocasións en horario nocturno. Disporase un stand para habilitar as necesidades de vixilancia e limpeza.

Puntuación: 4 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL: 12,00 PUNTOS

Sanxenxo, á data indicada na sinatura dixital

Enxeñeiro Técnico Municipal
José María Troncoso Viñas.

